

VELLA FEIRA DE CHANTADA

LEMBRO DESTA CAMPO AQUELA VELLA FEIRA,
A SOBRIA IRMANDADE DE NOBRES VENCELOS,
XENEROSOS ENCONTROS BAIXO OS PENDELLOS
ONDE FACIAN TRATOS CON CERTA XENREIRA.

VINO DE SAN FIZ; DE CEA A PEZA SABROSA,
ACOMPANABAN O POLBO NAQUEL SOSEGO
CANDO XANTABA O FEIRANTE CO LABREGO,
PONENDO VERDADES EN MENTIRA PIADOSA.

FEIRA DE XATOS E DE MOITA VACA-TOURA,
FERMOSA OFRENDA DO CINCO E VINTEUN
CON DADIVAS QUE A ALDEA ATESOURA.

FRUTOS DA RIBEIRA, DE REQUEIXO E BERMUN,
SEMPRE ARRECENDENDO AO SOL QUE OS DOURA,
-ASI ERAN AQUELAS FEIRAS AS QUE EU FUN.

XOSÉ LOIS GARCÍA